



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Idioma Moderno 4: Francés		Código	613G03049
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Francés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	,	Correo electrónico		
Web				
Descripción xeral	<p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descripción e no uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma. Nela se revisarán, consolidarán e ampliarán os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, producción escrita e oral), insistindo especialmente na comprensión oral de discursos de certa complexidade.</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá ter prácticamente consolidadas as competencias do nivel B1+ segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguis do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Ter un notable dominio do código ortográfico, da norma gramatical e do léxico más común que permita construír discursos cun grao elevado de corrección e coherencia.			A8 B1 C2 A10 B3 A15 B4 B5 B6 B7 B8
Escribir textos claros e estruturados sobre unha ampla serie de temas do seu interese ou relacionados coa vida cotiá, áinda que de extensión e complexidade limitada.			A8 B1 C2 A10 B3 A15 B4 B5 B6 B7 B8
Expresarse oralmente en situacóns da vida cotiá ou académica con bastante claridade e eficacia e cun ritmo bastante uniforme.			A8 B4 C2 A10 B5 A15 B7 B8



Ler de xeito comprensivo e con certo grao de autonomía textos variados, sempre que non traten de temáticas especializadas ou utilicen unha linguaxe específica.	A8 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2
Comprender as ideas principais dun discurso oral lingüisticamente complexo que trate temas concretos ou abstractos razoablemente coñecidos e pronunciados cun nivel de lingua estándar.	A8 A15	B4 B8	C2

Contidos		
Temas	Subtemas	
A. Gramática	1. Os adjetivos e os pronomes indefinidos. 2. O "gérondif" e o "participe présent". 3. A expresión da concesión e da oposición. 4. O verbo: a correlación temporal. 5. O indicativo, o subxuntivo e o infinitivo nas subordinadas. 6. Principais conectores para a organización dos textos escritos.	
B. Obxectivos comunicativos	1. Resumir, interpretar, comentar e valorar diferentes tipos de discursos. 2. Expoñer e xustificar/criticar tomas de decisións, posturas, ideas, comportamentos... 3. Preguntar e responder sobre sucesos, experiencias... 4. Interactuar e reaccionar adecuadamente en diversos contextos. 5. Adecuar a entoación ás intencións comunicativas. 6. Solucionar dificultades expresivas.	
C. Léxico	1. Identificación e caracterización de persoas, obxectos e situacíons. 2. As relacións humanas e sociais. 3. A organización social e os servizos públicos: formularios administrativos frecuentes. 4. Siglas e abreviaturas de uso frecuente. 5. O CV e a carta de presentación/motivación. 6. Expresións idiomáticas e frases feitas.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	16	25	41
Discusión dirixida	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	15.5	25	40.5
Lecturas	A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Proba oral	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	6	6
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descripción
Solución de problemas	<p>Nesta materia chámase solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita.</p> <p>Ademáis das actividades que se levan a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial.</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final da materia, así como outras indicacións importantes.</p>
Discusión dirixida	<p>Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral).</p> <p>Ademáis das actividades que se levan a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial.</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final da materia, así como outras indicacións importantes.</p>
Lecturas	<p>Ademáis da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lectura todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas.</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final, así como outras indicacións importantes.</p>
Proba oral	<p>Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado (expresión, comprensión e interacción oral), ben mediante unha conversa ou entrevista coa profesora, individualmente ou en parellas con outras-os estudiantes (poderanse utilizar textos ou material audiovisual para suxerir distintas situacións comunicativas), ben mediante a exposición dun traballo tutelado.</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final da materia, así como outras indicacións importantes.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Proba oral	A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. A profesora fará un seguimento particular de cada estudiante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo.
Lecturas	
Proba obxectiva	
Solución de problemas	A profesora atenderá puntualmente e de forma individualizada ao alumnado cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen.
Discusión dirixida	O alumnado pode acudir en horario de tutorías e aulas á profesora para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estime pertinentes. Pódese tamen solicitar a realización de tutorías virtuais, individuais ou grupais, a través de Teams. Os horarios de tutorías da profesora da materia pódense consultar na páxina web da facultade.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba oral	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	O alumnado deberá realizar unha proba oral ao final do cuadrimestre para amosar as súas competencias comunicativas en lingua francesa. Ver no apartado Observacións da avaliación precisións más detalladas.	15

Proba obxectiva	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	Proba escrita que todo o alumnado deberá realizar nas datas oficiais fixadas pola facultade para a primeira e a segunda oportunidade de avaliación da materia. Ver no apartado Observacións da avaliación precisións e ponderacións más detalladas.	45
Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	Actividades de evaluación continua (contidos gramaticais, léxico, expresión escrita, comprensión lectora) realizadas durante o cuatrimestre. Ver no apartado Observacións da avaliación precisións e ponderacións más detalladas.	25
Discusión dirixida	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	Actividades de evaluación continua (expresión, comprensión e interacción oral) realizadas durante o cuatrimestre. Ver no apartado Observacións da avaliación precisións e ponderacións más detalladas.	15

Observacións avaliación



O alumnado ten dúas oportunidades para superar amateria: a primeira ó remate do segundo cuadrimestre e a segunda no mes de xullo.

1. Avaliación da primeira oportunidade:

1.1. Para superar a materia na primeira oportunidade é obligatorio realizar e aprobar (5) a proba final escrita na que se avaliarán os contidos gramaticais, o léxico, a comprensión lectora, a expresión escrita e a comprensión auditiva.

A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade.

1.2. Será ademáis obligatorio realizar e aprobar (5) unha proba oral final na que se avaliarán a expresión e a interacción oral.

A profesora comunicará en Moodle coa suficiente antelación a data, hora, lugar, quendas e outras indicacións relativas á realización da proba oral.

1.3. É obligatorio realizar ao longo do cuadrimestre un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas e contidos da materia, organizados en dous bloques:

Bloque A ["Solución de problemas"]:actividades de práctica dos contidos gramaticais, do léxico, da expresión escrita e da comprensión lectora.

Bloque B ["Discusión dirixida"]:actividades de práctica da producción, comprensión e interacción oral.

Ademais das actividades presenciais que se realicen durante as aulas, normalmente por cada sesión presencial o alumnado deberá realizar unha tarefa non presencial.

Agás causa debidamente xustificada e sempre coa autorización previa e expresa da profesora, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas.

Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes dos exames escrito e oral da primeira oportunidade,o 80% das actividades programadas en cada bloque e obter unha nota media mínima de 5 sobre 10 en cada bloque.

1.4. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:

a. Un 45% valorará o exame escrito, coas seguintes porcentaxes:

Contidos gramaticais, léxico, expresión escrita,comprensión lectora: 35%

Comprensión auditiva: 10%

b. Un 15% valorará a proba oral.

c. Un 40% valorará as actividades de avaliação continua organizadas en dous bloques (que deben cumplir os requisitos do apartado 1.3), coas seguintes porcentaxes:

Bloque A: actividades de gramática, léxico, expresión escrita e comprensión lectora: 25%

Bloque B: actividades de producción, comprensión e interacción oral (nestas actividades valóranse asimismo a norma grammatical e o léxico): 15%

A materia considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os contidos e destrezas dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de avaliação.Os apartados aprobados na primeira oportunidade consérvanse para a segunda.

Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das actividades, ver apartado 6.

2. Avaliación da segunda oportunidade:

2.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima na proba escrita e/ou na proba oral, o alumnado deberá facela(s) de novo na segunda oportunidade.

A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade.

A data, lugar, hora e outras indicacións para a realización do exame oral da segunda oportunidade comunicaranse en Moodle coa suficiente antelación.

2.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades dos bloques A e/ou B, o alumnado deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas sustitutivas.

A profesora fará públicas en Moodle coa suficiente antelación as instrucións correspondentes (actividades asignadas,datas de solicitude e entrega...).

Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das actividades, ver apartado 6.

3. Na convocatoria extraordinaria de decembro o alumnado será avaliado dos seus coñecementos e competencias nas distintas destrezas da materia mediante unha proba escrita(nota mínima 5 sobre 10; 70% da nota final) e unha proba oral (nota mínima 5 sobre10; 30% da nota final).

Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular da proba escrita ou oral, ver apartado 6.

4. En cada oportunidade de avaliação o alumnado recibirá a cualificación NP de se dar simultaneamente estas dúas situacións: non terse presentado a ningunha das probas de avaliação (escrita e oral) e se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das programadas.

5. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial con dispensa académica,previa comunicación e acreditación documental de dita situación á profesora,pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades de avaliação continua programadas para a primeira oportunidade, segundo o disposto no apartado 1.3. As actividades presenciais serán sustituídas por outras non presenciais equivalentes. Seranlle de aplicación as demais metodoloxías avaliables (proba escrita e oral) cos mesmos requisitos e características que para o resto do alumnado.

Para a avaliação da segunda oportunidade, aplicárselle o disposto no apartado 2.



6. Os traballos académicos (entendendo portal todo o material que o alumnado presente para ser obxecto de avaliación)deberán ser de elaboración individual (agás indicación expresa da profesora) e persoal.

A realización fraudulenta ou irregular das probase/ou de calquera das actividades de avaliación continua implicará automaticamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidándose as cualificacións obtidas nas distintas metodoloxías availables.

7. Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.

8. -Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos性os, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas, entre outras medidas).

-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

-Deberanse detectar situacíons de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

@font-face {font-family:"Cambria Math"; panose-1:2 4 5 3 5 4 6 3 2

4; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:roman; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:3 0 0 0 1

0;}@font-face {font-family:Calibri; panose-1:2 15 5 2 2 2 4 3 2

4; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:swiss; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:-536859905 -1073732485 9 0 511 0;}p.MsoNormal,
li.MsoNormal,

div.MsoNormal {mso-style-unhide:no; mso-style-qformat:yes; mso-style-parent:""; margin:0cm; margin-bottom:.0001pt; mso-pagination:widow-orphan;
font-size:12.0pt; font-family:"Calibri",sans-serif; mso-ascii-font-family:Calibri; mso-ascii-theme-font:minor-latin; mso-fareast-font-family:Calibri; mso-fare
ast-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Calibri; mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New
Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi; mso-ansi-language:FR; mso-fareast-language:EN-US;}.MsoChpDefault {mso-style-type:export-only; mso-def
ault-props:yes; font-family:"Calibri",sans-serif; mso-ascii-font-family:Calibri; mso-ascii-theme-font:minor-latin; mso-fareast-font-family:Calibri; mso-fare
st-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Calibri; mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New
Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi; mso-ansi-language:ES-TRAD; mso-fareast-language:EN-US;}div.WordSection1 {page:WordSection1;}



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- BADY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau débutant. Paris: Hachette F.L.E.- BADY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1997). Conjugaison. 350 exercices. 1 000 verbes à conjuguer. Paris: Hachette F.L.E.- BOULARÈS, M. (1997). Grammaire progressive du français avec 400 exercices. Niveau avancé. Paris: CLE International.- (1997). La Conjugaison pour tous. Dictionnaire de 12 000 verbes. Paris: Hatier.- DELATOUR, Y. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau moyen. Paris: Hachette F.L.E.- DELATOUR, Y. (2004). Nouvelle grammaire du français. Paris: Hachette.- FERNÁNDEZ BALLÓN, M.; MONNERIE-GOARIN, A. (1987). Gramática esencial del francés. Paris-Madrid: Hachette-SGEL.- GAILLARD, B. (1995). Le français de A à Z. Paris: Hatier.- (1999). Gran diccionario español-francés/français-espagnol. Paris: Larousse.- HANSE, J. (1996). Nouveau dictionnaire des difficultés du français moderne. Paris: Duculot- (1995). Le Nouveau Petit Robert. Dictionnaire de la langue française. Paris: Dictionnaires Le Robert.
Bibliografía complementaria	Ao longo do curso ofreceranse referencias bibliográficas e outros recursos específicos para cada tema. Na biblioteca do centro pódese atopar todo tipo de material impreso e audiovisual relacionado coa lingua francesa en consoñancia co nivel e os intereses do alumnado. É recomendable que se solicite orientación e consello á profesora da materia.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno: Francés/613G03016

Idioma Moderno 2: Francés/613G03029

Idioma Moderno 3: Francés/613G03033

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir á profesora para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso da profesora, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías